UNIDADE 8. EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES:

A ARTE AO FINAL DO ANTIGO RÉXIME. ROCOCÓ E NEOCLASICISMO. A PINTURA DE FRANCISCO DE GOYA.

1.- IDENTIFICA OS PERSONAXES RETRATADOS POR GOYA NESTES CADROS:





2.- VERDADEIRO/FALSO: Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas e explica no seu caso por que son falsas.

- A Igrexa de Santa Xenoveva en París é chamada Panteón por tomar inspiración para a súa cúpula no Panteón de Roma.___
- O Rococó é o estilo que mellor representa os intereses das Monarquías Europeas así como da Igrexa católica. ___
- A arquitectura neoclásica en Alemaña inspírase nas obras renacentistas de Palladio. ___
- O Rococó é un estilo que reacciona contra os valores plásticos do Barroco. ___
- Juan de Villanueva é o máximo representante da arquitectura do Rococó en España. ____
- J. Fragonard é un dos principais representantes da pintura rococó. ____

- A escultura neoclásica carecía de policromía. ___

3.- COMENTA O CADRO:

Comenta este cadro seguindo os seguintes puntos:

a) Análise da obra: tema, técnica, soporte, textura, liña, modelado, luz, cor, perspectiva e composición, expresión.
b) Identificación: obra, autor, estilo e cronoloxía
c) Contexto sociocultural e estilístico no que xurde. Trascendencia artística da obra e o autor.

SOLUCIÓNS:

1.- IDENTIFICA OS PERSONAXES RETRATADOS POR GOYA NESTES CADROS:

Jovellanos

Príncipe Fernando

Mª Luisa de Parma

Carlos IV

Goya

Floridablanca

Godoy

Duquesa de Alba

Condesa de Chinchón

2.- VERDADEIRO/FALSO

- A Igrexa de Santa Xenoveva en París é chamada Panteón por tomar inspiración para a súa cúpula no Panteón de Roma. Falso, a súa cúpula toma a proxectada por Miguel Anxo para o Vaticano como modelo
- O Rococó é o estilo que mellor representa os intereses das Monarquías Europeas así como da Igrexa católica. Falso, porque é a arte da nobreza por excelencia, mentres que o Barroco fora o estilo utilizado polas monarquías absolutas e a Igrexa para remarcar o seu poder e os seus valores.
- A arquitectura neoclásica en Alemaña inspírase nas obras renacentistas de Palladio. Falso, o neoclásico alemán toma o modelo grego, será en Inglaterra e despois en EE.UU. onde Palladio sirva de modelo.
- O Rococó é un estilo que reacciona contra os valores plásticos do Barroco. Falso, o Rococó continua os valores barrocos aumentando a presenza e a riqueza da súa decoración, é o Neoclásico o estilo que reaccionará contra os valores do Barroco e o Rococó.
- Juan de Villanueva é o máximo representante da arquitectura do Rococó en España. Falso, é a figura máis importante da arquitectura do Neoclásico.
- J. Fragonard é un dos principais representantes da pintura rococó. Verdadeiro
- A escultura neoclásica carecía de policromía. Verdadeiro.

3.- COMENTA O CADRO:

a) Análise da obra

TEMA: Neste cadro represéntase un tema histórico que forma conxunto con outro cadro no que se representa a Carga dos Mamelucos o 2 de maio no que se representaba o levantamento do pobo madrileño en 1808 contra a ocupación francesa no inicio da Guerra da Independencia. No cadro a comentar represéntanse os sucesos do día seguinte cando os sublevados foron fusilados polos franceses. É por tanto un feito histórico do que posiblemente o propio pintor fose testemuña. O auténtico protagonista é o pobo, interpretado dun xeito romántico. As vítimas aparecen con actitudes diversas, algunhas xa mortas en primeiro plano.No fondo represéntase unha figura feminina sostendo un neno. Os protagonistas aparecen ataviados con roupas do pobo mentres que os verdugos aparecen vestidos cos distintos uniformes de tódolos grados do exército francés, de costas sen mostrar os seu rostro.

TÉCNICA E SOPORTE: En canto á técnica e ó soporte trátase dun óleo sobre lenzo.

COR: O colorido é moi expresivo predominando as cores escuras coma ocres, negro e gris, contrastando fortemente co branco, amarelo e vermello que se converten en protagonistas resaltando as partes principais da imaxe. A mancha vermella da sangue destaca dramaticamente para expresar a violencia da acción descrita, así como o branco da camisa central potenciado polo amarelo do pantalón.

LIÑA E PINCELADA: Os contornos están perfilados en negro pero invadidos por unha pincelada solta a base de grandes manchas que case fai desaparecer o debuxo. Os corpos e os rostros están deformados, cunha técnica case expresionista.

LUZ: Utiliza bruscos contrastes de luz que acentúan o dramatismo da obra. O fondo escuro totalmente, cun único foco de luz que provén do farol que está no chan iluminando intensamente ás vítimas mentres que os soldados quedan en penumbra proxectando as súas sombras no chan. A luz separa simbolicamente as dúas zonas.

EXPRESIÓN: Vemos a un grupo de homes axeonllados que van ser fusilados e nas súas actitudes represéntanse todos os sentimentos humanos fronte é inxustiza da guerra. Mentres uns agardan axeonllados, chorando e sen ser capaz de mirar aos seus verdugos ou rendidos con pregarias ante a morte. Outros en cambio maldicen, apertan os puños e enfróntanse con coraxe fronte a súa inxusta morte. A atención concéntraa unha personaxe principal coa camisa branca no centro da imaxe, levantando os brazos en cruz e dirixíndose aos seus verdugos sen rostro. A iluminación un farol colocado no chan, e a cor…

COMPOSICIÓN: Está dominada por dúas grandes diagonais que crean profundidade e que se unen no farol que hai no chan. Unha diagonal ven marcada pola montaña do fondo e a outra polo pelotón de fusilamento. Os cadáveres colocados no primeiro plano presentan violentos escorzos. A combinación de liñas verticais marcadas polos condenados e as horizontais que forman os fusiles, contrastan coas liñas curvas de sables, brazos e que dan movemento á escena. A figura central coa súa camisa branca marca o centro da composición e abre cos seus brazos un aspa que concentra a forza dramática da representación.

b) Identificación

Os fusilamentos do 3 de maio de 1808, obra de Francisco de Goya. 1814. Estilisticamente teríamos que encadrala xa no Romanticismo.

c) Contexto sociocultural e estilístico

Son cadros nos que Goya pon de manifesto a súa clara posición en contra da ocupación francesa e do lado dos sublevados madrileños, afirmando o seu sentido patriótico. Son pintados no ano en que se produce a volta de Fernando VII e moitos dos antes chamados afrancesados teñen agora que “exculparse” de sospeitas de colaboracionismo co invasor.

En canto ao pintor, despois da súa formación en Zaragoza completada cunha viaxe a Italia, logo se traslada a Madrid onde comeza como pintor de cartóns para a Real Fábrica de Tapices. Estes cartóns representan temas costumistas e amables, vinculados aínda á galantería Rococó. Cedo convértese en pintor da corte de Carlos III e despois pintor de Cámara de Carlos IV. Realiza retratos para os personaxes máis influentes do momento, incluídos os seus amigos ilustrados. O seu estilo nesta primeira etapa é alegre e optimista, utilizando unha paleta brillante e rica.

A partir da década dos ’90 do século XVIII o seu estilo vólvese máis sombrío, relacionado coa súa xordeira. Pinta obras de crítica social nas que está influído polos ideais ilustrados que o levan a realizar unha aceda crítica da sociedade do seu tempo. Así aparece representado nos Caprichos. Os seus retratos gañan en expresividade, son cada vez dunha maior captación psicolóxica, e tamén en técnica, cun uso maxistral da luz e a cor.

Despois da Guerra da Independencia Goya muda por completo o seu estilo e nos seus cadros reflexa a súa posición fronte á guerra.

Nas chamadas Pinturas Negras realizadas entre 1820 e 1823 na súa Quinta do Xordo mostra todo o seu pesimismo fronte ao cariz que tomaron os acontecementos políticos en España e a súa decepción vital. Son obras tenebrosas, escuras a base de negros, ocres, con personaxes de rostros deformados incluso demoníacos, pinturas soltas pouco definidos.

Finalmente Goya exiliase en Francia onde realiza as súas últimas obras.

Na obra que temos que comentar, Os fusilamentos do 3 de maio, Goya preséntase como un precursos do Romanticismo co que comparte unha visión subxectiva da realidade, renunciando á idealización, buscando a emoción e renunciando á frialdade e o distanciamento neoclásicos. Estilisticamente a obra manifesta a grande personalidade do autor, que renuncia a regras fixas establecidas, recorrendo continuamente á súa imaxinación e tamén enriquecendo as súas obras con un significado simbólico que as converte, como neste caso en obras de significado universal.
O significado da obra vai máis alá dos feitos concretos representados. E unha auténtica denuncia da guerra. Os militares franceses represéntanse deshumanizados e despersonalizados porque son figuras sen rostro, que non mostran emocións. As vítimas en cambio cando se individualizan: nas súas vestimentas, nos seus rostros e nas súas actitudes. As vítimas aparecen claramente iluminadas mentres os verdugos aparecen en penumbra. Ademais, a postura do personaxe central coa camisa branca recorda á dun crucificado, remarcando co branco luminoso a cor da inocencia e da verdade e converténdoo no auténtico heroe da representación. É unha forte denuncia da crueldade da guerra, tema que repetirá nas súas series de gravados.
A obra de Goya é tremendamente moderna e converte o tema histórico nunha forma de denuncia social que tanta importancia terá no século XIX. Ademais outros pintores como Manet toman a obra como modelo para representar esa guerra (*O fusilamento do emperador Maximiliano 1867*) pero tamén en datas máis recentes, como na obra de Picasso de 1951 denunciando a masacre da guerra de Corea.
Tamén estilisticamente Goya influirá nos románticos no uso da cor e a pincelada, pero incluso no cubismo, ao reducir as figuras dos verdugos practicamente a formas xeométricas, e desde logo no Expresionismo, co dramatismo e a deformación dos xestos, a expresividade da cor para mostrar emocións.